



**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
INDUSTRIA**

SECCIÓN 08

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A Xunta de Galicia, aproba o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Consellería de Economía e Industria e para o desempeño das súas funcións establece os seguintes órganos superiores:

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Dirección Xeral de Comercio.

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Órganos periféricos.

ORGANISMOS AUTÓNOMOS:

Instituto Galego de Consumo - IGC.

SOCIEDADES PÚBLICAS:

1. ENTES PÚBLICOS ADSCRITOS:

Instituto Galego de Promoción Económica - Igape.

Instituto Enerxético de Galicia - Inega.

2. SOCIEDADES MERCANTÍLS:

Galicia Calidade

Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia - Cesga

Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia - CEEI Galicia

Sociedade Xestora de Entidades de Capital-Risco - Xes Galicia

Sociedade de capital risco – Sodiga Galicia

FUNDACIÓNS:

Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Secretaría Xeral é a encargada do funcionamento operativo dos servizos administrativos de toda a consellería, asumindo todos os gastos correntes, as remuneracións do persoal, a modernización dos equipos de información, o apoio xurídico e en xeral a coordinación con calquera departamento da Consellería en todas as cuestións transversais.

Á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación correspóndelle a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei estatal 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica e na Lei galega 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia; a elaboración, xestión, coordinación e control do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, a presidencia do Consello de Administración da sociedade anónima Centro de Supercomputación de Galicia; a planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias e funcións da consellería nas materias de innovación tecnolóxica e innovación na xestión dos sectores produtivos, de infraestruturas tecnolóxicas e de propiedade industrial e mais a xestión e utilización da rede de ciencia e tecnoloxía de Galicia (Recetga).

Á Dirección Xeral de Comercio correspóndelle a planificación, coordinación e control das competencias da consellería en materia de comercio interior e exterior, artesanía e consumo; a planificación e desenvolvemento das estruturas comerciais, feiras, mercados e lonxas, agás as pesqueiras en primeira venda; a tutela e coordinación das actividades das cámaras oficiais de Comercio e Navegación e mais a intervención en materia de prezos sobre os que deba pronunciarse a Comisión de prezos de Galicia.

Á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas correspóndelle a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da consellería en materia de industria, seguridade industrial, solo industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía e minas. Ademais correspóndelle a execución de accións destinadas ás empresas galegas para acadar unha maior competitividade a nivel autonómico, nacional e internacional, do tecido empresarial galego.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO - IGC

Ao Instituto Galego de Consumo correspóndelle a realización no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia da política de defensa do consumidor e usuario. Entre as súas funcións están as seguintes:

- Orientar, formar e informar aos consumidores e usuarios sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que sexan tidos en conta e respetados por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.

- Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralas tecnicamente.

- Promover e levar a cabo estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten ao consumidor e usuario.

- Elaborar e difundir información para facilitarles aos consumidores e usuarios a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.

- Impulsar a formación do cidadán como consumidor e usuario, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que dita formación sexa permanente.

- Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos aqueles aspectos que afecten ou poidan afectar aos consumidores e usuarios, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria a este fin.

- Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial ás oficinas municipais de información aos consumidores con aquelas outras entidades de semellante ámbito competencial, por supoñer o servizo máis próximo ao cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos.

- Poñer en coñecemento dos organismos competentes da administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do instituto .

- Inspeccionar e controlar o mercado de produtos e servizos postos a disposición dos consumidores galegos e garantir que estes produtos sexan seguros.

I.2.3. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

DOS ENTES PÚBLICOS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA - Igape

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico, harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - Inega

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega), creado pola Lei 3/1999, do 11 de marzo, que ten como misión principal:

- Elaborar e propor á consellería competente en materia de enerxía, plans e programas.
- Promover e, de ser o caso, executar os proxectos indicados aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar as instalacións de produción, conducción, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
- Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
- Desenvolver programas de asesoramento enerxético e auditorías para fomentar o aforo e mellora da eficacia enerxética, así como elaborar proxectos de racionalización do uso da enerxía e aproveitamento dos recursos enerxéticos.
- Fomentar e participar en proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens e servizos relacionados coa enerxía.
- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos -de orixe interna- con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.
- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.

- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar aos usuarios nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais; principalmente, os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e os programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
- O Inega poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.
- Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que, en relación coas materias da súa competencia, se lle encomende ou lle competa ao instituto no marco desta lei.

DAS SOCIEDADES MERCANTÍS

GALICIA CALIDADE SA

Galicia Calidade, S.A., é o órgano creado para a administración e outorgamento das licenzas de uso da marca de garantía "Galicia Calidade". A concesión das licenzas de uso da marca están cimentadas na esixencia ás empresas usuarias, de niveis de calidade superiores e estes, baseados no estudo exhaustivo dos sectores afectados, e na aplicación da marca de garantía de forma racional, perseguindo o prestixio, recoñecemento e confianza nesta.

Galicia Calidade, S.A., realiza o estudo, seguimento, auditoría e avaliación das empresas galegas que pretenden utilizar a marca, e daquelas que son licenzatarias, de maneira periódica. Ademais é obxecto desta sociedade a xestión e administración en xeral da marca "Comercio Rural Galego" e, en particular, outorgar licenzas de marca, exercendo as medidas de control eficaces sobre a natureza, calidade, características e requisitos dos establecementos pertencentes á Rede de Comercio Rural Galego.

Galicia Calidade xestionará unha nova marca "Comercio Galicia Calidade", anteriormente denominada "Comercio Galego de Calidade".

Galicia Calidade poderá xestionar ademais calquera outra marca que lle sexa encomendada pola Xunta de Galicia e que estea relacionado co sector da calidade ou co control na xestión e o servizo ao consumidor.

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

A Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galicia naceu en 1993 do compromiso da Xunta de Galicia de promover servizos comúns de apoio á investigación e, por outra parte, do interese do Consejo Superior de Investigaciones Científicas de promover en Galicia un contorno de traballo e investigación na área do cálculo intensivo.

Segundo o artigo 2 dos seus estatutos terá como obxecto promover servizos comúns de apoio á investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións en Galicia e na comunidade investigadora do CSIC.

Para iso promoverá accións tendentes á innovación e mellora na prestación de servizos de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas así como actividades encamiñadas a promover solucións innovadoras no eido da sociedade do coñecemento.

CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DE GALICIA - CEEI Galicia, SA

O Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (CEEI Galicia SA), constituíuse o 30 de xullo de 1991 como Sociedade Anónima, co obxectivo de promover a creación e/ou o desenvolvemento, no ámbito da comunidade autónoma galega, de empresas independentes e innovadoras de acordo cos modelos e directrices da Comisión das Comunidades Europeas para os Centros Europeos de Empresas e Innovación. Réxese polos seus propios estatutos, aprobados no mesmo acto de constitución e modificados puntualmente en diversas ocasións con posterioridade e pola Lei sobre réxime xurídico das sociedades anónimas e lexislación complementaria.

Está participada maioritariamente polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE CAPITAL-RISCO SA (Xes Galicia)

A Sociedade Xestora de Entidades de Capital-Risco SA (Xes Galicia): Ten como finalidade a xestión dos fondos destinados ao financiamento do desenvolvemento empresarial galego mediante a toma de participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, así como mediante o outorgamento de préstamos, xeralmente de carácter participativo, a empresas participadas e non participadas.

SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO – Sodiga Galicia

Sodiga Galicia, S.C.R., SA: Ten como finalidade proporcionar recursos, a medio e longo prazo, sen vocación de permanencia ilimitada, a empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional e que teñan relación co desenvolvemento e consolidación da economía e a industria de Galicia.

1.2.4. DAS FUNDACIÓNS

FUNDACION CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

A Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia constitúese no ano 2002, promovida pola Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, co gallo de dotar da personalidade xurídica máis axeitada á actividade do Cesga.

Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos terá como obxecto fomentar, difundir e prestar servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galega e do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, así como a aquela empresa ou institución que o solicite e desta forma, contribuír mediante o perfeccionamento tecnolóxico e a innovación, á mellora da competitividade das empresas.

FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño ten competencias en materia de artesanía e a súa finalidade, segundo se recolle no artigo 6 dos seus estatutos, é a consecución dos seguintes obxectivos:

- Dotar ao sector artesanal de Galicia dos profesionais e técnicos que necesite, mediante unha formación especializada e de perfeccionamento, incidindo especialmente no deseño, a innovación, a aplicación de novas tecnoloxías e a xestión.
- Potenciar o desenvolvemento económico do colectivo artesanal. Asesorando ao sector na mellora das súas estruturas e procesos produtivos e comercializadores.
- Aproveitar a dimensión e potencial formativo e educativo orientado tanto aos profesionais como ao público en xeral, dando a coñecer os oficios, os seus produtos e informando da súa oferta.
- Crear un fondo documental que preste soporte a un eficaz, e na actualidade imprescindible, servizo de información e asistencia técnica.
- Recuperar, documentar e asegurar a pervivencia das actividades artesanais que pola súa tradición ou calidade singulares se consideren parte integrante do patrimonio artesanal de Galicia.
- Promover a artesanía de Galicia en todas as súas vertentes, poñendo especial énfase na vinculación da actividade artesanal cos hábitos comerciais ao uso, mellorando e promovendo a presenza dos produtos artesanais de Galicia nos mercados.
- Programar e xestionar as actuacións que dende a administración autonómica se acometan en materia de formación, arquivo, información, investigación e promoción sobre artesanía de Galicia.
- Mellorar a calidade técnica e artística dos produtos artesáns de Galicia.
- Dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia.

Para levar a cabo estes obxectivos, a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño desenvolve, entre outras, as actividades que a continuación se detallan:

- Xestión económica e de medios para promover a asistencia a feiras internacionais de artesanía por parte de obradoiros e artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia.

- Organización, coordinación e supervisión de cursos formativos destinados ao sector artesanal de Galicia para a súa maior especialización e coñecemento, incidindo na innovación e no deseño.

- Creación dun fondo documental que sirva de recuperación e mantemento das actividades tradicionais a través da edición de libros, catálogos, manuais...

- Organización de exposicións por subsectores de actividade (xoiería, madeira torneada, encademación,).

- Promoción do sector artesanal por medio da publicación da revista especializada "Obradoiro de Artesanía".

- Colaboración económica con concellos e asociacións galegos para a organización de feiras de artesanía a nivel autonómico.

- Accións publicitarias para unha maior difusión e coñecemento do traballo artesán e do deseño en Galicia.

- Creación e xestión dunha páxina web propia que serve de canle de comunicación ao público das distintas actuacións que se veñen desenvolvendo por parte da Fundación.

FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia é unha organización constituída sen fins de lucro, que ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos, sen prexuízo das encomendas que poidan efectuar outras administracións respecto das cales a fundación cumpra os requisitos necesarios para ser considerada como medio propio daquelas no concernente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando a realizalas.

O obxecto principal é a realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial no que a súa denominación e fins se contraen, e ao fomento da calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Son competencias da fundación as de:

- Fomento das actividades de certificación, inspeccións, auditoría, ensaio e calibración, promovendo a aplicación da normativa española e comunitaria relacionada co sistema integrado da calidade industrial.

- Fomento do desenvolvemento tecnolóxico, investigación e enxeñaría e a creación de novos produtos e procesos así como os ensaios técnicos, tanto de materias primas como de materiais.

- Fomento dos traballos de seguimento, control, avaliación e prospectiva da promoción industrial, da calidade, da sociedade da información e da investigación, desenvolvemento e innovación empresarial.

- Fomento de actuacións para a relación, participación e colaboración con organismos e entidades públicas e privadas de calquera índole relacionadas co apoio á internacionalización das empresas galegas.

- A elaboración, xestión e seguimento de propostas de acción para o desenvolvemento en materia de promoción industrial, sociedade da información, e fomento da investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, vinculadas a fondos europeos.

- A elaboración de estudos, investigación de mercados, proxectos de seguimento e control de desenvolvemento sectorial, relativos tanto á estruturación, cooperación e coordinación dos conglomerados clúster, distritos ou metadistritos industriais existentes, e doutros posibles en sectores emerxentes, así como á cooperación entre empresas de Galicia.

- A planificación e desenvolvemento de actividades de observación en Galicia en materia de promoción industrial, sociedade da información, excelencia e calidade empresarial e internacionalización e comercio exterior. Así como a elaboración de estudos e estatísticas de análise, seguimento e difusión en relación as accións dos plans galegos da sociedade da información.

- A prestación de asesoramento e apoio técnico a organismos e entes, públicos ou privados, para o desenvolvemento dos proxectos que se executen no ámbito da sociedade e da promoción industrial en Galicia.

- A xestión do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira.

- A xestión do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

- A xestión do Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía.

- Fomentar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a creación e axeitado funcionamento dunha rede de laboratorios acreditados que cubran as necesidades de ensaio de carácter industrial.

- Involucrar aos medios de comunicación no proceso de difusión e promoción da calidade,

o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a formación.

- A Fundación promoverá a celebración de cursos, seminarios, ciclos de conferencias e demais actos semellantes para a formación do persoal técnico, para a información das súas actividades e propósitos e para a difusión dos seus obxectivos. Poderá, igualmente, editar e distribuír publicacións monográficas e periódicas, folletos informativos e outras publicacións.

- A realización das actuacións que, en materia do seu obxecto, encomendáolle á Concellería de Economía e Industria e os seus organismos autónomos e as administracións respecto das cales a fundación cumpra os requisitos necesarios para ser considerada como medio propio daquelas.

- En xeral, o desenvolvemento de calquera outra actividade que faga progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector industrial.

A actividade da fundación, non está determinada polo ánimo de lucro, e esta desenvolverá as súas funcións, principalmente en Galicia.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

DIRECCIÓN XERAL DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

- Desenvolvemento de políticas públicas que faciliten a eficiencia en resultados do sistema galego de innovación a través dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
- Desenvolvemento de políticas públicas para a xestión de talento que permita incrementar o rendemento innovador das empresas e do conxunto do sistema galego de innovación.
- Desenvolvemento de políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido nos diferentes axentes do sistema galego de creación de coñecemento (empresas, universidades, e centros de investigación de Galicia)
- Liderar as políticas de innovación dentro das administracións galegas.

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO

O obxectivo prioritario da Dirección Xeral de Comercio, considerando a actual conxuntura económica, e que o sector comercial supere a situación de crise e se reforce de cara ao futuro, a partir das seguintes liñas de acción:

En Comercio Interior:

- Aplicación dun plan de dinamización do comercio de venda polo miúdo de Galicia "Plan Ágora agora Re-comercia 2010-2013" que comprende os seguintes programas:
 - Creación do Observatorio do Comercio de Galicia e da Rede de Innovación do Comercio-Redic.
 - Mellora da competitividade do comercio.
 - Dinamización do comercio galego.
 - Mellora do aprovisionamento das zonas rurais.
 - Adecuación da estrutura comercial ás características territoriais, sociais, culturais e económicas de Galicia.

En Comercio exterior:

- Desenvolver plans e proxectos para incrementar a internacionalización da empresa galega.
- Acadar a formación adecuada en materia de comercio exterior.

En Artesanía:

- Fomento da marca “Artesanía de Galicia”.
- Axudas aos talleres artesanais e asociacións profesionais de artesáns para facer un sector máis competitivo e dinámico.

DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS

No programa de regulación e soporte da actividade industrial:

- Apoiar e mellorar as infraestruturas nos polígonos industriais de titularidade municipal, especialmente os ubicados en poboacións de tamaño medio e en zonas pouco industrializadas.
- Apoiar a empresas instaladoras, simplificando a tramitación administrativa das instalacións e incorporando a tramitación electrónica.
- Potenciar a actividade inspectora da administración, implantando un plan de inspección anual.
- Apoiar o cumprimento das obrigas dos titulares de instalacións para realizar inspeccións periódicas, mediante campañas informativas e de divulgación.
- Potenciar actuacións en materia de seguridade e administración industrial.
- Realizar actuacións para o desenvolvemento e modificación da normativa vixente, no eido da seguridade industrial.
- Realizar actuacións para a implantación da metroloxía legal.

No programa de eficiencia enerxética e enerxías renovables:

- Apoiar o labor do Instituto Enerxético de Galicia a través da cobertura de gastos correntes e de capital, nomeadamente para que este poida desenvolver as encomendas de xestión que en materia de enerxía lle fai a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
- Estudos e traballos técnicos en materia de xeración, distribución, transporte, eficiencia e aforro de enerxía, así como no eido das enerxías renovables.
- Organizar xornadas técnicas sectoriais en materia de enerxías renovables.
- Desenvolvemento do I+D+i no ámbito das enerxías renovables e do aforro e da eficiencia enerxética a través de actividades realizadas directamente e en colaboración con institucións e empresas.

- Desenvolvemento do aproveitamento das enerxías renovables nos ámbitos público e privado.

No programa de infraestruturas enerxéticas:

- Apoiar aos concellos para o desenvolvemento de infraestruturas eléctricas que permitan o normal desenvolvemento de servizos municipais básicos.

- Soterramentos ou adecuacións de trazados e instalacións eléctricas para reducir o impacto sobre a poboación, o patrimonio ou o ambiente.

- Mellorar a calidade da subministro eléctrico, a través de convenios coas empresas distribuidoras e co Ministerio de Industria.

- Colaborar coas empresas distribuidoras de GLP para instaurar instalacións de propano nas localidades afastadas das posibilidades de gasificación con gas natural.

- Fomentar a distribución de gas natural para o desenvolvemento das infraestruturas de distribución que permitan a subministración canalizada a consumidores industriais e domésticos naquelas zonas que contén con potencial de desenvolvemento económico.

No programa de fomento da minaría:

- Convenios de colaboración coa Cámara Oficial Mineira de Galicia que teñen por obxecto o fomento da minaría na comunidade autónoma.

- Estudos e traballos técnicos en materia de minaría, desenvolvemento legislativo, análise do sector e difusión da actividade mineira.

- Convenio coa Consellería de Educación para a promoción das ensinanzas relacionadas co sector da lousa.

- Desenvolvemento das actuacións de infraestruturas consignadas no Plan do Carbón 2006-2012, mediante a sinatura dos convenios de colaboración necesarios para a súa execución.

- Desenvolvemento das actuacións consignadas no Plan Estratégico do Control de Riscos Laborais na minaría: proxectos técnicos relativos aos axentes contaminantes nos sectores da lousa e do granito, xomadas, publicacións, etc.

- Apoio a todos aqueles proxectos que axuden a difundir a minaría como actividade sustentable, ou redunden nunha mellora da imaxe do sector extractivo galego.

- Convenio coa Asociación Galega de Áridos.

- Convenio co Clúster da Auga de Galicia, para o seu desenvolvemento.

No programa de modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produción empresarial:

- Impulsar o desenvolvemento do vehículo eléctrico e infraestruturas asociadas ao seu funcionamento dentro da nosa comunidade autónoma.
- Achegas a asociacións e clústers de interese empresarial para a Comunidade Autónoma, tanto en gastos correntes como de capital.
- Actuacións en promoción e difusión da excelencia empresarial, así como da internacionalización do tecido empresarial galego.
- Actuacións para a certificación da calidade da industria auxiliar naval.
- Achegas ao fondo de garantía patrimonial dos estaleiros galegos, para facilitar o seu acceso ao financiamento das súas actividades.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO - IGC

- Novo marco normativo de consumo a través dunha nova Lei de Protección dos Consumidores Galegos.
- Plan de potenciación da mediación entre consumidores, empresarios e profesionais.
- Plan de choque do arbitraje de consumo.
- Potenciación do Laboratorio de Consumo de Galicia.
- Reforzamento da actividade da Escola Galega de Consumo
- Activación da rede de oficinas públicas e privadas de atención ao consumidor en Galicia.

II.3. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

II.3.1. DOS ENTES PÚBLICOS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA - Igape

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), incardínase no conxunto de medidas do Goberno da comunidade autónoma dirixidas a favorecer a modernización e diversificación da economía galega, mellorando a competitividade do conxunto do territorio e das empresas galegas e impulsando a produtividade destas últimas.

Estas medidas están dirixidas:

- Ao desenvolvemento e á modernización empresarial.
- A dar resposta ás esixencias do escenario económico actual, caracterizado pola importante presenza de restricións financeiras e dificultades para continuar o crecemento da nosa economía e do noso tecido empresarial.
- Á consolidación e fortalecemento do programa de apoio á internacionalización das pemes galegas.
- Ao fomento da competitividade e da produtividade e ao impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.
- A fomentar o espírito emprendedor.

Para acadar estes obxectivos os orzamentos de 2011 estrutúranse en torno a sete eixes de actuación, que integran medidas configuradas de xeito conxunto, nas bases reguladoras dos apoios xestionados polo instituto, xunto con instrumentos de dinamización económica requiridos polas actuacións fronte a crise, que materializan o compromiso coa reactivación da economía da nosa comunidade:

Eixe I: Emprendedores

O espírito emprendedor é un indicador de dinamismo e progreso dunha economía. Apoiar o nacemento e crecemento do tecido empresarial é pois un obxectivo no que o instituto pretende afondar cun conxunto de accións que por un lado sigan sensibilizando á sociedade da importancia dos emprendedores e por outra lles faciliten superar as principais barreiras, entre as que se atopa o acceso ao crédito, para a implantación dos seus proxectos.

A potenciación dos instrumentos de sensibilización e difusión, incluíndo actos como o Día Galego do Emprendedor, máis outras accións de apoio para a extensión da cultura emprendedora, incluíndo o ámbito educativo, forman parte deste eixe que se completa con servizos gratuítos de formación e acompañamento a potenciais emprendedores prestados por Bic Galicia, sociedade anónima participada maioritariamente polo Igape, e con apoios de tipo financeiro para facilitar e mellorar o acceso ao financiamento dos proxectos emprendedores (convenios con axentes financeiros, subvencións e préstamos directos do instituto, achegas a fondos de capital risco e convenios de microcréditos, entre outros).

Como parte das medidas de fomento do investimento empresarial e ampliación das ferramentas de financiamento empresarial inclúese neste eixe a achega a Emprende Fondo de Capital Risco, maioritariamente participado polo Igape, coa finalidade de contribuír a prover financiamento a novos proxectos emprendedores en Galicia e paliar en parte un escenario de dificultades para o acceso ao crédito para os novos emprendedores.

Son de destacar tamén as accións previstas no ámbito do fomento das redes de investidores máis o portal do emprendemento en Galicia e a rede estendida do emprendedor, espazos colaborativos e de cooperación que pretenden complementar as medidas indicadas anteriormente.

Eixe 2: Investimento empresarial

O eixe de investimento empresarial, que está orientado á prestación de apoios para facilitar a implantación dos proxectos empresariais de maior impacto no tecido produtivo e na xeración de emprego de calidade en Galicia, mantén a súa relevancia no 2011. Ante un escenario de restricións crediticias e dificultades para o crecemento, este eixe dos orzamentos pretende contribuír mediante un forte impulso das ferramentas públicas de financiamento empresarial a paliar as dificultades existentes e a facilitar aos proxectos viables a súa consolidación e crecemento. Así, ademais de manter as liñas de incentivos económicos en forma de axudas a fondo perdido a proxectos de investimento empresarial, seguindo coa aplicación dos Fondos Estruturais da UE do novo período marco de programación comunitaria 2007-2013, en 2011 o instituto ten previsto manter ou incrementar outras ferramentas de apoio para o financiamento empresarial, en particular os investimentos nas entidades de capital risco (Sodiga e o Fondo de Capital Risco Adiante) e a concesión de préstamos directos a empresas mediante a cooperación co Banco Europeo de Inversións (BEI).

A concesión de avais, mais o impulso a liñas de financiamento de circulante e de reestruturación de pasivos complementan a batería de medidas neste ámbito.

Ademais dos importantes recursos financeiros dedicados polo instituto a este eixe, as medidas de impulso dos investimentos empresariais complementáanse coa coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Economía, a través da liña de incentivos económicos rexionais, e outras liñas como as de reindustrialización do Ministerio de Industria que acompañarán as actuacións do Plan de Desenvolvemento Integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Os concellos incluídos nos ámbitos de plans territoriais como o Plan de Reequilibrio Territorial ou o Plan da Costa da Morte tamén están contemplados nas bases reguladoras das axudas con incentivos adicionais para os proxectos de investimento empresarial destinados a ditos territorios.

Eixe 3: Internacionalización

Este eixe vense consolidando dende hai uns anos como un dos prioritarios nas actividades do instituto, intentando impulsar este factor como unha das respostas á conxuntura económica actual.

A publicación, en 2008, dunhas novas bases reguladoras de axudas para a internacionalización das empresas galegas vén de completar un amplo programa de apoios e servizos neste eido, provocando un incremento moi significativo das súas consignacións nos pasados exercicios. Este

eixe contempla créditos para as subvencións derivadas das novas bases de axudas mencionadas anteriormente, e outros destinados á promoción exterior de bens, servizos e investimentos, a iniciativas de mellora do capital humano no ámbito da internacionalización e ás actividades de potenciación das redes de empresarios galegos no exterior. O resto do orzamento dedicárase aos centros de promoción de negocios do instituto no exterior e ás accións para atracción e retención de investimentos estranxeiros, incorporando accións específicas para a fidelización de novos investimentos.

Eixe 4: Mellora da competitividade

Ademais da contribución que os eixes anteriores pretenden facer para mellorar a competitividade do tecido empresarial, os orzamentos contemplan un eixe con accións específicas neste eido, principalmente subvencións ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar melloras na xestión empresarial mediante a consultaría de procesos e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando, entre outros. Entre as novas liñas pódese salientar que se contemplan neste eixe incentivos para as empresas galegas para incentivar o seu acceso ao Mercado Alternativo Bursatil, facilitándolles a realización das análises e procesos previos preparatorios como unha oportunidade máis de mellorar as súas capacidades financeiras.

Estas accións complementáanse con outros incentivos económicos ao abeiro de programas coxestionados coa Administración central (Programa Innoempresa), que segue a acoller nas sucesivas convocatorias realizadas un elevado número de solicitudes por parte das pemes e de institucións asociativas das mesmas nos ámbitos de innovación organizativa, innovación tecnolóxica, e a realización de diagnósticos e plans de mellora, entre outros.

Por último contéplanse tamén neste eixe iniciativas de colaboración con entidades galegas sen fin de lucro para o artellamento de iniciativas singulares de apoio á innovación nas empresas galegas.

Eixe 5: Cooperación

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos e outra das medidas sinaladas para contribuír ao desenvolvemento e á modernización empresarial, e que o instituto vén tendo presente especialmente nos últimos anos. Deste xeito contribuír a que todos os axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste eixe nos plans de actuación do instituto, que ten como principais destinatarios os clústers e organismos intermedios.

Tamén se inclúen neste eixe as múltiples iniciativas de colaboración que se levan realizando mediante actuacións coordinadas cos axentes financeiros situados en Galicia, tanto de carácter público como o ICO, como de carácter privado como as entidades financeiras implantadas en Galicia, no ámbito de favorecer o acceso ao financiamento das pemes en xeral ou de sectores particulares do tecido produtivo en colaboración cos departamentos competentes da Xunta de

Galicia como Medio Rural e Pesca, entre outros.

Baixo este enfoque de cooperación e coordinación entre axentes inclúense medidas como os incentivos económicos a agrupacións empresariais innovadoras (AEIs) para o desenvolvemento de polos de crecemento e innovación. Inclúense deste xeito apoios para a elaboración de plans estratéxicos sectoriais ou multisectoriais, a nivel de cadeas de valor, para a implementación dos propios plans. Baixo este eixe contéplase tamén a creación de redes e foros de intercambio e colaboración no ámbito da innovación e a excelencia empresarial.

Eixe 6: Proxectos Igape proactivo

Baixo este eixe inclúense accións que teñen como denominador común mellorar a atención integral do instituto aos empresarios e emprendedores, tomando a iniciativa no desenvolvemento de proxectos como a administración electrónica ou o desenvolvemento de portelos multi-canle de atención integral a proxectos empresariais, ou fomentando a participación en proxectos e iniciativas convocadas pola Unión Europea. A formulación de actividades formativas para os recursos humanos do instituto pretende fortalecer as capacidades de prestación deste tipo de servizos e a concienciación en xeral de avanzar nas ferramentas de coñecemento.

Eixe 7: Actividades soporte

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do Igape e os gastos xerais de funcionamento do Instituto.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - Inega

- Participación societaria en proxectos de aforro e eficiencia enerxética e fomento das enerxías renovables.

- Incrementar a potencia subvencionada en aforro e eficiencia enerxética en instalacións térmicas de alta eficiencia: bombas de calor xeotérmicas, bombas de calor aire-aire, aire-auga e caldeiras de alta eficiencia.

- Mellora da eficiencia enerxética no alumado público.

- Auditorías enerxéticas de alumado público.

- Estudos de optimización enerxética no sector servizos.

- Actuacións no sector de transformación da enerxía.

- Incrementar a potencia subvencionada en enerxía solar térmica.

- Incrementar a potencia subvencionada en enerxía solar fotovoltaica conectada á rede.

- Incrementar a potencia subvencionada en enerxía solar fotovoltaica illada.
- Incrementar a potencia subvencionada en caldeiras de biomasa.
- Incrementar a potencia subvencionada en biogás.
- Plan renove de electrodomésticos.
- Plan renove de fiestras.
- Axudas aforro e eficiencia enerxética.
- Axudas enerxías renovables.
- Outros obxectivos.

II.3.2. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS

GALICIA CALIDADE, S.A.

Galicia Calidade, S.A. realiza accións de promoción publicitaria da marca de garantía Galicia Calidade. Accións publicitarias consistentes en campañas de prensa, radio e televisión, presenza en feiras e eventos sectoriais no territorio estatal e internacional, así como diversas actuacións de publicidade en outros ámbitos como vehículos de promoción que se acheguen ao público obxectivo establecido pola sociedade anónima. Ademais, a sociedade pública continuará coa promoción nos puntos de venta, como nas grandes cadeas de distribución, así como outras accións para dar a coñecer os produtos amparados pola marca de garantía.

Continúase a desenvolver o plano estratéxico cuadrianual que abrangue o período 2007-2010, enfocado, no eixo empresarial, para mellorar a resposta ás empresas licenzatarias actuais e potenciais, no eixo do consumidor, no achegamento da marca de garantía Galicia Calidade aos cidadáns, e no eixo interno, para a mellora e fortalecemento da institución, optimizando a súa xestión e desenvolvendo novas áreas de traballo. Neste senso, Galicia Calidade, S.A. certificou o seu sistema de xestión da calidade conforme á norma ISO-9001:2000.

Desenvolveranse as liñas definidas no desenvolvemento do novo plano estratéxico que se está a desenvolver neste ano e que terá vixencia para o período 2010-2013. O fomento da calidade nos sectores produtivos básicos de Galicia.

Preténdese que Galicia Calidade se poida empregar sectorialmente como unha ferramenta para a mellora da calidade e de diferenciación nos mercados, que permita, a través da confianza no consumidor, mellorar a capacidade de comercialización de novas empresas. Galicia Calidade apostará por promocionar a marca de garantía nas accións que considere máis proveitosas para o selo así como para os produtos amparados.

No eido do Comercio Rural Galego, está prevista a implantación da Rede de Comercio Rural Galego, a partir dos 4 establecementos pilotos no ano 2007, 15 establecementos adheridos á rede durante 2008, 16 do ano 2009, e 8 no 2010.

Preténdese tamén, ir incorporando novos establecementos a rede durante o novo exercicio. A implantación da rede irá acompañada das accións de promoción e información sobre esta e, estará imbricada, na medida do posible, noutras accións promocionais da marca de garantía Galicia Calidade. Así, no 2011 Galicia Calidade tentará adherir un número similar de establecementos aos anos anteriores. Todo isto, na realización da encomenda de xestión que vén realizando Galicia Calidade, S.A. para a Dirección Xeral de Comercio.

Galicia Calidade xestionará a marca de garantía "Comercio Galicia Calidade" que pretenderá a incorporación de cerca dun milleiro de establecementos. Esta marca de garantía aposta claramente pola calidade do servizo e na xestión dos establecementos comerciais, incidindo no seu compromiso social así como cos consumidores.

CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA - Cesga

A Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galicia presta os seus servizos á Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, mediante as súas instalacións, infraestruturas e soporte á xestión.

De acordo co establecido polo órgano de goberno da S.A. Xestión Cesga, a sociedade atópase en fase de transición da súa actividade á Fundación Cesga, co gallo de centrar a totalidade das actividades dende a Fundación Cesga, que é a persoa xurídica máis axeitada para o desenvolvemento da súa actividade.

CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DE GALICIA - CEEI Galicia

A sociedade facilita ás empresas servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuir á creación e desenvolvemento delas. Así mesmo, a sociedade desenvolve unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais no seu entorno, encamiñada a incentivar o nacemento de novos proxectos empresariais e o desenvolvemento de actividades conducentes á potenciación do tecido empresarial galego.

Así, desde a súa constitución, e como instrumento de desenvolvemento rexional impulsa e apoia a creación, consolidación e expansión de empresas a través de catro liñas prioritarias de actuación:

- Servizos a emprendedores e de creación de empresas: Accións dirixidas á creación de empresas, fomentando o espírito empresarial da nosa comunidade. Baixo un conxunto coherente de actividades encamiñadas a cubrir as necesidades de novos proxectos empresariais, efectuando tarefas de formación, información e asesoramento nas diferentes fases de desenvolvemento e

consolidación desde a idea de negocio ata a implantación das empresas que se crean.

- Mellora competitiva de empresas: Realízanse actividades de formación, asesoramento, información, etc., para mellorar as capacidades competitivas das empresas nos distintos ámbitos de actuación. Tamén se asiste ás empresas na súa participación en programas de cooperación nacionais e internacionais, nos que se desenvolven actividades que favorecen a súa competitividade, consolidación e expansión comercial.

- Promoción de novas empresas nos sectores estratéxicos de Galicia: Promoción e fomento de novas iniciativas empresariais en sectores específicos como TIC's, biotecnoloxía, etc.

- Participación e promoción en Redes de Cooperación.

A pertenza de C.E.E.I. Galicia, S.A. a distintas redes permite o intercambio de coñecementos e metodoloxías, coa participación en programas conxuntos coas diferentes rexións europeas, logrando unha maior relación entre as empresas e organismos da nosa rexión coas demais rexións de Europa.

Así mesmo, promociona e apoia a determinadas redes e entidades na nosa comunidade (AEDL's, cámaras de comercio, concellos, etc.)

Os principais eixes e as directrices sobre as que se asenta a activade de C.E.E.I. Galicia, S.A. para o exercicio 2011 son:

- Eixe I. Emprendedores: Dinamizar, difundir e inculcar o espírito emprendedor naquelas persoas especialmente receptivas á alternativa emprendedora, para incentivar a creación de empresas en Galicia.

Difusión e promoción da cultura emprendedora: a difusión e dinamización do espírito empresarial e da adaptabilidade das pequenas empresas, cun especial énfase no sistema educativo, tanto regrado coma non regrado.

Servizos de apoio á creación e desenvolvemento de empresas: a formación e o asesoramento na área da xestión empresarial de acordo coas necesidades reais dos emprendedores e das novas ideas de negocio.

Redes emprendedoras: actuacións de apoio técnico e metodolóxico ás entidades locais e autonómicas e demais organismos galegos que presten servizos a emprendedores.

- Eixe II. Consolidación: Ampliar o coñecemento sobre a realidade socioeconómica da nosa comunidade, de tal xeito que se mellore a capacidade de xerar novas iniciativas empresariais.

Incrementar o tamaño medio das pemes e micropemes, a súa capacidade competitiva e o nivel de uso de novas tecnoloxías na súa xestión e proceso produtivo, a través de servizos de formación, asesoramento, información, ofrecendo recursos e ferramentas de apoio e facilitando

a participación en redes de cooperación e proxectos que favorezan a súa expansión, e o acceso a novos mercados.

Crecemento, fortalecemento e afianzamento das micropemes e dos autónomos da nosa comunidade.

A participación en redes de cooperación e proxectos que favorezan a expansión das pemes facilitando o seu acceso a novos mercados e a participación en encontros de negocios, facendo un especial énfase nos de carácter internacional.

A detección de novas oportunidades de negocio nos sectores económicos estratéxicos da economía galega, promovendo a creación de novas empresas.

- Eixe III. Innovación: Incrementar a capacidade de innovación das empresas galegas mediante o uso de ferramentas e metodoloxías que faciliten o nacemento de empresas innovadoras no tecido galego.

Incrementando a capacidade de xestionar a innovación das empresas galegas mediante a utilización de diversas ferramentas e metodoloxías, tanto xenéricas como específicas.

Favorecendo a creación de novas empresas innovadoras no tecido galego, mediante o desenvolvemento de programas específicos ou xenéricos.

Difundindo na empresa e no sistema educativo galego as vantaxes competitivas que suporía o incremento da capacidade de innovación.

SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE CAPITAL-RISCO SA – Xes Galicia

A Sociedade xestora os fondos de capital risco, así como os activos de Sodiga Galicia, S.C.R., S.A., destinados ao financiamento e desenvolvemento empresarial, materializado en forma de tomas de participación de capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos.

En función da tipoloxía das empresas obxecto de investimento, dos seus proxectos investidores así como da súa situación financeira, establécense distintas liñas de actuación, que se canalizan a través dos respectivos fondos xestionados:

- Emprende, F.C.R.: Financiación de empresas de nova creación, ou aquelas que acometan actividades novedosas e/ou apliquen novas tecnoloxías.

- Adiante 2000, F.C.R.: Financiación de empresas existentes, necesitadas de apoio financeiro e de xestión.

- Xes-Innova, F.C.R. (reformulación do anterior Semente 2007, F.C.R.): Financiación de proxectos emprendedores e proxectos de desenvolvemento tecnolóxico vencellados cos sectores da biotecnoloxía, telecomunicacións, enerxías renovables e medio ambiente.

- Xes Impulsa Ferrol IO, F.C.R. (reformulación do anterior Ferrol Iniciativas Empresariais, F.C.R.): Financiación da posta en marcha de iniciativas empresariais na comarca de Ferrolterra.

- Xes-Posibilita IO, F.C.R. (fondo de nova creación): Financiación de proxectos empresariais levados a cabo por persoas con discapacidade.

Así mesmo, XES Galicia, S.G.E.C.R., S.A. tamén ten encomendada a xestión dos activos de Sodiga Galicia, S.C.R., S.A., cuxos obxectivos empresariais obxecto de financiamento son descritos no seguinte apartado.

SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO - Sodiga

As liñas de actuación da sociedade materializaranse en investimentos, mediante a toma de participación no capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos, en empresas con alto potencial de crecemento, xestionados por empresarios de recoñecida solvencia profesional, que leven a cabo proxectos ou actuacións que contribúan á dinamización da economía na comunidade autónoma.

II.4. DAS FUNDACIÓNS

FUNDACION CENTRO TECNOLOXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

En xeral son fins da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia todos aqueles que promovan o uso do cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento socio económico sostible, dedicando especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados e o sector produtivo.

En canto a evolución prevista cabe destacar:

- Consolidación do Cesga como Centro de Excelencia Científica, como consecuencia do protocolo de colaboración asinado o pasado ano 2006 entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación e Ciencia. Tras a elaboración do proxecto científico-tecnolóxico, estanse a desenvolver actividades encamiñadas a acadar o obxectivo.

- Iniciar actuacións de cara a unha nova sede para dar resposta ás necesidades de espazo e infraestruturas provintes das actividades asociadas ao Cesga coma ICTS (Instalación Científico-Tecnolóxica Singular) e Centro de Excelencia de Investigación en Ciencia Computacional. O financiamento desta acción será maioritario Feder e cofinanciado pola Dirección Xeral de I+D+i e o CSIC.

- Traspaso á Fundación das áreas de actividades pendentes da Sax Cesga.

- Acadar unha presenza significativa na industria.

- Constituír en Galicia un foco de coñecemento en ciencia computacional con proxección internacional en colaboración coas universidades galegas, CSIC e outros centros de excelencia.

FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DESEÑO

A Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño ten previstas para o ano 2011 as actuacións que a continuación se detallan:

- Asistencia a feiras internacionais de artesanía con obradoiros e artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia.

- Organización, coordinación e supervisión de cursos formativos destinados ao sector artesanal galego para a súa maior especialización e coñecemento, incidindo na innovación e no deseño.

- Organización de exposicións por subsectores de actividade (madeira torneada, encaderación,).

- Publicación da revista cuatrimestral especializada en artesanía e deseño "Obradoiro de Artesanía".

- Colaboración económica con concellos e asociacións galegas para a organización de feiras de artesanía a nivel autonómico.

- Accións publicitarias para unha maior difusión e coñecemento do traballo artesán e do deseño en Galicia.

- Xestión e mantemento da páxina web de Artesanía de Galicia que serve de canle de comunicación ao público das distintas actuacións que se veñen desenvolvendo por parte da fundación.

- Accións de desenvolvemento dos itinerarios artesáns.

- Convocatoria dos Premios Artesanía de Galicia para dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia e promover a presenza dos produtos artesanais galegos nos mercados.

FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

As actuacións e proxectos a desenvolver na anualidade do 2011 foron programados para acometer o desenvolvemento do novo modelo socioeconómico para Galicia previsto ao abeiro do Plan Estratéxico 2010-2014 elaborado polo goberno para lograr a dinamización económica cun maior crecemento e o aumento do emprego, acadar una maior competitividade mediante un impulso da economía do coñecemento, manter a sustentabilidade ambiental e o equilibrio

territorial e promover unha administración austera, eficiente e próxima ao cidadán, sen renunciar a lograr unha maior cohesión social, benestar e calidade de vida.

As actuacións e proxectos a desenvolver no 2011 son:

- Xestión do Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía, do Centro de Innovación e Servizos da Madeira e do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

- Xestión das encomendas de xestión que se efectúen dende a administración.

- Desenvolvemento de actividades de observación en Galicia en materia de promoción industrial, sociedade da información, excelencia e calidade empresarial e internacionalización e comercio exterior.

- Actuacións de fomento, no tecido empresarial galego, da sociedade da información e do coñecemento, das telecomunicacións, así coma o desenvolvemento de políticas de inclusión na S.I. e o desenvolvemento rural.

- Desenvolvemento de actividades de investigación, nas materias de innovación tecnolóxica dos sectores industriais, de infraestruturas da calidade e tecnolóxicas, de deseño industrial e de propiedade industrial.

- Prestación de servizos para satisfacer as demandas metrolóxicas e de innovación en sistemas e procedementos de medida.

- Prestación de servizos de calibración, de medida e de ensaio.

- Execución de proxectos de investigación básica e aplicada no sector da madeira en Galicia.

- Prestación de servizos de vixilancia tecnolóxica, intelixencia, competitiva e transferencia de tecnoloxía, transnacional.

- Prestación de servizos de realidade virtual.

- Prestación de servizos de software industrial e tecnoloxías da produción.

- Prestación de servizos de asesoramento para o fomento e apoio á participación das empresas e demais axentes galegos nos programas de I+D+i internacionais.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica está orientado a conseguir o crecemento e a competitividade das empresas galegas a través de estratexias e programas de innovación eficientes.

As súas políticas oriéntanse ás organizacións empresariais e outros axentes do sistema galego de I+D+i.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica complementase co 561B investigación universitaria e o 741A apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produción empresarial

As actuacións neste programa distribúense en diferentes subprogramas:

Subprograma de Investigación, Innovación e Crecemento Empresarial

Axudas de apoio á investigación empresarial, especialmente a aquelas iniciativas que procuren afrontar procesos de consolidación e crecemento mediante a mellora da competitividade empresarial.

Programas de axudas para a implantación de proxectos de I+D+i empresarial de gran impacto.

Subprograma de Valorización

Establecemento dun cadro de mando de valorización vinculado á eficiencia do sistema de innovación galego, capaz de establecer un cadro de indicadores imprescindible para a implantación dunha cultura de medición dos resultados da innovación empresarial tanxibles e estratéxicos.

Posta en marcha de contratos programa e de liñas de préstamo de apoio ao financiamento de axentes non empresariais do Sistema galego de I+D+i, ligados á consecución dos obxectivos e indicadores de desempeño fixados.

Actuacións dirixidas a promover e alcanzar a reordenación dos axentes existentes no sistema galego de innovación en función dos resultados de innovación empresarial que alcancen. Ditas accións promoverán dinámicas de colaboración e converxencia operativa entre os distintos axentes e o establecemento de programas de xestión baseados en indicadores de desempeño

que permitan establecer modelos de financiamento eficientes.

Establecemento de accións específicas de financiamento para aqueles axentes do sistema de innovación galego (xa estean vinculados a universidades, plataformas ou centros tecnolóxicos) de maior eficiencia e calidade, establecendo unha marca (label) e espazos e proxectos compartidos.

Subprograma de Apoio Financeiro

Participación no capital fundacional e no sostemento de fundacións, parques científicos e tecnolóxicos, sociedades e entidades públicas ou privadas localizados no entorno do sistema galego de I+D+i, ligado á aceptación da implantación dun sistema de indicadores que permitan a medida dos resultados e dos seus retornos.

Axudas á participación das empresas galegas en convocatorias e programas de financiamento de actividades de I+D+i estatais.

Subprograma de Xestión do Talento

Axudas a os procesos de captación e desenvolvemento de talento innovador para empresas.

Accións de captación internacional de talento para proxectos de innovación de alto impacto.

Axudas a empresas que participen do programa XIGA.

Outras Actuacións

Axudas ó desenvolvemento de modelos de innovación nas AAPP.

Accións de comunicación, promoción, divulgación e sensibilización social das actividades de I+D+i executadas e/ou promovidas dende Galicia.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

III.1.2. PROGRAMA 561B - INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa de Investigación Universitaria sofre unha gran transformación, xa que a maior parte das actuacións que se desenvolvían na Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación serán realizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Por

outra parte as actuacións que permanecen na Dirección Xeral de I+D+i cambian o seu enfoque tratando de que a investigación universitaria de solucións prácticas ás empresas e se converta nun factor clave para a competitividade de Galicia

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

III.1.3. PROGRAMA 613B - ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O obxectivo estratéxico deste programa é a defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia.

Este programa ten os seguintes obxectivos operativos:

Obxectivo xeral: Reforzo da protección e defensa dos consumidores, mellorando os servizos do IGC.

Obxectivos concretos:

1. Financiamento operativo do persoal, instalacións e demais recursos necesarios para garantir os dereitos e intereses dos consumidores e usuarios, de forma especial no relativo a súa información, asesoramento e resolución de conflitos, a través da mediación e a arbitrase de consumo.

2. Asesoramento, financiación e cooperación coas organizacións de consumidores.

3. Asesoramento, cooperación e financiación das corporacións locais, en materia de defensa do consumidor.

4. Execución do plan anual de formación e educación en materia de defensa do consumidor a través da Escola Galega de Consumo.

5. Realización de campañas informativas e de sensibilización, dirixidas aos consumidores.

6. Promoción da mediación e o sistema arbitral de consumo, incluíndo o custo de mantemento e as indemnizacións aos árbitros.

7. Estudos e traballos técnicos en materia de defensa do consumidor.

8. Impulso a normativa en materia de consumo, a través da aprobación da nova lei de consumidores que será remitida ao Parlamento, e a través de normativa sectorial e a propia na

materia de defensa do consumidor.

9. Actuacións en materia de seguridade dos produtos industriais postos no mercado a disposición dos consumidores e usuarios e mantemento da rede de alerta deste tipo de produtos.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Consumo

III.1.4. PROGRAMA 731A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

1.1 Obxectivo.

O programa 731A, dirección e servizos xerais de industria, ten como cometido principal o funcionamento operativo dos servizos centrais administrativos e periféricos de tal maneira que a Consellería de Economía e Industria poda levar a cabo todas as competencias que lle foron asignadas, facendo especial mención aos seguintes cometidos:

- Modernizar os procesos de información.
- Facilitar o control da xestión.
- Remunerar ao persoal.
- Asumir os gastos correntes e de servizos.
- Mellorar a rede de sistemas de información.
- Apoio técnico e xurídico a toda a Consellería de Economía e Industria.
- Coordinación e control de toda a xestión económica e orzamentaria.

1.2 Beneficios.

O beneficio que se pretende conseguir é que a Consellería de Economía e Industria funcione e podan as diferentes direccións xerais, organismos autónomos, entes, sociedades e fundacións que forman parte dela, realizar os cometidos para as que foron creadas.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral

III.1.5. PROGRAMA 732A - REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de seguridade, administración industrial e metroloxía, incorporando novos instrumentos de xestión como a tramitación electrónica dos procedementos administrativos e a mellora nos sistemas de inspección e control e a competitividade das empresas ubicadas en parques empresariais.

O programa responde á necesidade de manter e mellorar a seguridade dos establecementos e instalacións industriais no referente á seguridade industrial e a garantir a exactitude das medidas nas transaccións comerciais nas que interveña a metroloxía legal: peso, medida e número e elementos.

Os beneficiarios do programa son os titulares das instalacións industriais (empresarios, comunidades de propietarios, e cidadáns en xeral) e os compradores de produtos regulados pola metroloxía legal (alimentos, combustibles, contadores de gas, electricidade, etc)

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

III.1.6. PROGRAMA 733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

1.1 Obxectivo.

Actuacións tanto no ámbito das enerxías renovables como no aforro e eficiencia enerxética.

1.2 Beneficios.

Os beneficios que se pretenden acadar con estas actuacións son o fomento das enerxías renovables que son fundamentais para conseguir diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións. Unha maior achega das enerxías renovables permite reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles. A importancia das enerxías renovables vese reforzada, en relación con aspectos ambientais (diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera), xeración de emprego, desenvolvemento rexional, incremento da actividade económica, etc..

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese con todas estas actua-

cións diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera e contribuír coas boas prácticas a unha concienciación cidadá para evitar o despilfarro e diminuír o consumo enerxético. As actuacións serían as seguintes:

1. Estudos e traballos técnicos en materia de xeración, distribución, transporte, eficiencia e aforro da enerxía, así como no eido das enerxías renovables.

2. Actuacións no ámbito das enerxías renovables e no aforro enerxético:

- Organización de xornadas técnicas sectoriais en materia de enerxías renovables.
- Desenvolvemento do I+D+i no ámbito das enerxías renovables e do aforro e da eficiencia enerxética a través de actividades realizadas directamente e en colaboración con institucións e empresas.
- Desenvolvemento do aproveitamento da enerxía xeotérmica nos ámbitos público e privado.
- Desenvolvemento de plantas de biogás en granxas gandeiras para a eliminación do xurro.
- Plan renove de plantas de coxeración.
- Informes para a certificación enerxética de edificios.
- Plan Sectorial Solar: instalación de proxectos de enerxía solar térmica de baixa temperatura, instalación de proxectos de enerxía solar fotovoltaica illada, instalacións mixtas (solar fotovoltaica e enerxía eólica e/ou enerxía minihidráulica illadas), enerxía solar fotovoltaica conectada á rede integrada arquitectonicamente.
- Plan Sectorial Biomasa: caldeiras biomasa térmica doméstica e industrial, Instalacións para o almacenamento, manexo, tratamentos previos e sistemas de dixestión anaerobia ou por gasificación, de aproveitamento enerxético (calor/frío).

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

Instituto Enerxético de Galicia - Inega

III.1.7. PROGRAMA 733B - INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS:

1. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

I.1 Obxectivo.

O obxectivo deste programa céntrase na mellora das infraestruturas de gas e electricidade na comunidade autónoma: implantar e estudar as redes e instalacións de gas natural e de gas propano, accións sobre a mellora da calidade da subministración eléctrica, acometidas eléctricas que permitan o desenvolvemento de servizos municipais, soterramento e desvío de liñas eléctricas e centros de transformación, etc..

1.2 Beneficios.

Os beneficios que se pretenden acadar con estas actuacións son mellorar a calidade de subministro, a adecuación das instalacións eléctricas á normativa vixente e a súa integración nos plans urbanísticos para reducir os impactos ambientais que teñen sobre a poboación.

Nas zonas onde non sexa posible chegar coa rede de distribución de gas contemplárase, en colaboración coas empresas distribuidoras, a posibilidade de implantar instalacións de GLP que cubran as necesidades destes lugares.

Por outra banda cabe suliñar a necesidade de estender a rede de distribución de gas natural canalizado para favorecer o desenvolvemento económico de zonas con potencial.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

III.1.8. PROGRAMA 734A - FOMENTO DA MINARÍA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os obxectivos básicos deste programa son o fomento da minaría en xeral, concretados nos seguintes aspectos:

1. A mellora da actividade económica das comarcas mineiras afectadas polo peche das explotacións de lignito, fundamentalmente Cerceda e As Pontes, e o seu desenvolvemento sostido, precisa de actuacións concretas na área das infraestruturas que sirvan de soporte para a implantación de iniciativas empresariais xeradoras de emprego e desenvolvemento socioeconómico alternativo e, para mellorar a calidade do medio urbano e natural das ditas zonas e os seus servizos. Para superar o déficit estrutural nestas zonas deben aplicarse os principios de complementariedade e adicionalidade nos termos contidos no Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e un novo modelo de desenvolvemento integral e sostible das comarcas mineiras.

2. Por outra banda, as particularidades do sector mineiro poñen de manifesto a necesidade de investigar e desenvolver novas tecnoloxías eficaces contra riscos laborais específicos da actividade extractiva e de preparación dos produtos. Tamén se fai necesario adoptar as decisións precisas para contribuír a manter unha cultura preventiva e de seguridade na minaría, en consonancia cos obxectivos do Plan Estratéxico de Seguridade e Saúde.

3. Por último, nesta situación de crise que afectou de forma notable ao sector, resulta preciso continuar co apoio ás empresas mineiras e as súas institucións de representación, co obxecto de contribuír a mellorar a imaxe social do sector e a súa competitividade no mercado global actual.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

III.1.9. PROGRAMA 741A -APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

1.1 Obxectivo.

O Plan de Modernización, Internacionalización e Mellora da Competitividade, Innovación e Produción Empresarial está orientado a potenciar a innovación estratéxica fundamentalmente no ámbito das organizacións empresariais cunha serie de actuacións novedosas distribuídas en diferentes subprogramas.

Subprograma de Investigación, Innovación e Crecemento Empresarial:

Axudas para potenciar a innovación estratéxica (innovation strategic FIT) empresarial que focalice os esforzos de innovación nos nodos determinantes da competitividade da empresa (no seu core de negocio); priorizando especialmente aqueles proxectos de innovación que contribúan directamente a elevar a dimensión, a competitividade e o volume de ocupación das empresas.

Apertura dunha liña de préstamos, en condicións preferentes, para o financiamento de proxectos empresariais de inversión de I+D+i e modernización tecnolóxica.

Programa de potenciación do crecemento empresarial. Contempla:

- A posta en marcha do Centro de Innovación e Crecemento concibido como un centro, non físico, de excelencia en xestión da innovación para o crecemento.
- Axudas dirixidas a potenciar o deseño e implantación de políticas de crecemento empresarial, construídas sobre a innovación, mediante a potenciación de estratexias de Corporate Entrepreneurship.
- Axudas para promover o desenvolvemento e a utilización de ferramentas para o auto diagnóstico empresarial en innovación estratéxica.

- Accións dirixidas a promover a posta en marcha, desenvolvemento e crecemento de Empresas de Base Tecnolóxica (EBT), especialmente aquelas que aposten por un desenvolvemento competitivo e rápido.

- Axudas dirixidas á mobilización, dinamización e sistematización dos procesos de innovación promovendo unha cultura empresarial proclive á innovación e ao crecemento.

Subprograma de Valorización:

Impulsar o desenvolvemento dun conxunto de actuacións de valorización do coñecemento que permitan desenvolver proxectos de innovación baseados en procesos de transferencia de coñecemento, impulsar a creación de novas empresas e licenciar resultados de I+D+i. As principais liñas de actividade serían:

- Axudas para as accións de valorización do coñecemento e a tecnoloxía utilizadas por entidades englobadas no Sistema galego de I+D+i.

- Axudas á utilización por parte das empresas galegas dun portfolio de recursos para acelerar os seus procesos de core innovación.

- Axudas para a conexión das demandas e ofertas das empresas galegas en innovación a redes internacionais de valorización do coñecemento.

- Axudas ao establecemento de dinámicas de colaboración transferencia e innovación aberta entre empresas, ou entre estas e outra tipoloxía de axentes do sistema galego de innovación relacionadas pola cadea de valor.

- Facilitar ás empresas e outros axentes do sistema de innovación a preparación de programas estratéxicos de innovación para concorrer a programas competitivos de innovación.

- Axudas para afrontar procesos de valoración dos centros e estruturas tecnolóxicas (especialmente nos procesos de Spin Off empresariais dos axentes do sistema, así como en iniciativas de xestión da propiedade intelectual).

Subprograma de Apoio Financeiro:

- Participación no capital fundacional e no sostemento de fundacións, parques científicos e tecnolóxicos, sociedades e entidades públicas ou privadas localizados no entorno do sistema galego de I+D+i, ligado á aceptación da implantación dun sistema de indicadores que permitan a medida dos resultados e dos seus retornos.

- Axudas para o financiamento de operacións que contribúan a facilitar a creación de instrumentos de enxeñería financeira para empresas, como fondos de capital resgo de garantía ou de crédito (iniciativa jeremie).

- Axudas á participación das empresas galegas en convocatorias e programas de financiamento de actividades de I+D+i internacionais.

Outras Actuacións:

- Axudas dirixidas á extensión do uso de incentivos fiscais e das bonificacións á seguridade social, así como das ferramentas financeiras do estímulo á innovación.

Actuacións en materia de Comercio:

- Desenvolver plans e proxectos que permitan incrementar a competitividade e a internacionalización do tecido empresarial galego.

- Impulsar a colaboración coas cámaras de comercio, industria e navegación de Galicia e o Consello Galego de Cámaras para instrumentalizar a presenza da empresa galega nos mercados internacionais e o uso de novas tecnoloxías.

- Impulsar a colaboración coas universidades galegas e centros públicos para impartición de formación en materia de internacionalización.

Actuacións en Materia de Industria, Enerxía e Minas:

Os obxectivos xerais deste programa de gasto son a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, a innovación e a produción empresarial. Resulta manifestamente visible que, na grave situación de crise na que nos atopamos, temos que apostar pola mellora da competitividade do tecido empresarial galego e, para acadar este obxectivo a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas decántase para o vindeiro exercicio polo incremento das actuacións para a promoción e difusión da excelencia empresarial cara a súa internacionalización e, sobre todo, por dar un pulo importante ás asociacións e clústers de interese empresarial na nosa comunidade autónoma.

Así mesmo introdúcese para o vindeiro exercicio un obxectivo que resulta prioritario para esta dirección xeral: dentro do ámbito das estacións multifuncionais de electromobidade pre-téndese con todas estas realizar actuacións que consigan diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera.

Por outra banda, tamén se continúa, coas achegas ao fondo de garantía patrimonial dos pequenos e medianos estaleiros galegos, para que estes poidan ter acceso ao financiamento das súas actividades.

Actuacións de Promoción Económica:

Este programa ten como finalidade o desenvolvemento das accións encamiñadas ao fomento da competitividade e produtividade co obxectivo de incidir no desenvolvemento económico de Galicia, o impulso á cooperación e participación entre os axentes económicos galegos, o

fomento ao investimento empresarial e á internacionalización da economía galega mediante achegas patrimoniais en forma de activos financeiros e o financiamento da Consellería de Economía e Industria ao ente de dereito público Instituto Galego de Promoción Económica para o cumprimento das súas finalidades, de acordo co establecido na Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do citado ente.

I.2 Beneficios.

- Un desenvolvemento xeneralizado nas empresas, da investigación e a innovación.
- Contribuír a que un maior número de empresas galegas acudan aos mercados internacionais, incrementen o seu nivel de competitividade e melloren os modelos de xestión.
- Acadar unha formación adecuada en comercio exterior, mellorando as capacidades dos recursos humanos.
- Apoiar as empresas en materia industrial e enerxética que as faga mais competitivas.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

Dirección Xeral de Comercio

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

Instituto Galego de Promoción Económica - Igape

III.1.10. PROGRAMA 741B - FOMENTO DO INVESTIMENTO EN CAPITAL HUMANO:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA.

Este programa dirixirase a dotar ao Instituto Galego de Promoción Económica de recursos correntes suficientes co fin de que promova a consecución de emprego estable e de calidade.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Promoción Económica - Igape

III.1.11. PROGRAMA 741F - APOIO Á ARTESANÍA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

1.1 Obxectivo.

Creación de emprego de calidade no sector artesanal galego.

- Mellora nas técnicas de xestión e deseño aplicadas á produción artesanal.
- Fomento e promoción da identidade corporativa asociada á marca "Artesanía de Galicia".

1.2 Beneficios.

- Contribuír á construción dun sector artesanal máis competitivo e dinámico.
- Acadar unha formación e inserción laboral adecuada.
- Mellora da comercialización dos produtos artesanais.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Comercio

III.1.12. PROGRAMA 751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

1.1 Obxectivo .

- Ordenación e regulamentación do comercio interior.
- Incentivación do sector comercial retalista.
- Incorporación de ferramentas de innovación para a mellora da xestión comercial e o apoio á formación.

- Adecuación e mellora da estrutura e equipamentos comerciais.
- Impulso da actividade feiral e promoción dos produtos galegos.

1.2 Beneficios.

- Contribuír á construción dun sector comercial máis competitivo e dinámico.

- Revitalización e fortalecemento das prazas de abastos, centros comerciais abertos e eixes comerciais.
- Optimización dos recursos dos recintos feirais.
- Mellora da comercialización dos produtos galegos

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Comercio

IV. CADRO DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Progr.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Unid. Med.	Valor Final
	Obxectivos Operativos			
561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA				
Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas				
	Axudas a Consolidación e Estructuración de unidades de Investigación destinadas a financiar a consolidación e especialización das unidades de investigación do sistema público de I+D+i	Proxectos de I+D+i concedidos (50/ano)	Nº	50,00
	Impulso da financiación de Centros tecnolóxicos e Centros de investigación en base a contratos programa	Importe contratos programa:5.000.000e/ano	Euros	5.000.000,00
	Incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+i nas áreas de maior interese, así como fomentar a captación de talentos	Investigadores ou personal contratado	Nº	60,00
	Promover o desenvolvemento de masa crítica e a complementariedade en ámbitos de investigación innovadores e capacidade científico-tecnolóxica pouco articulada en Galicia, promovendo unha xestión eficiente do coñecemento e a capacidade de transferencia	Volume contratos, proxectos e convenios	Euros	1.000.000,00
Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial				
	Crear figuras de financiamento para os axentes de I+D+i a través de préstamos reembolsables	Importe financiamento: 20.000.000eur/ano	Euros	20.000.000,00
	Financiamento de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación realizados por empresas galegas	Proxectos:350/ano. Importe:40000000e/ano	Nº	350,00
Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento				
	Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	Sen indicador		
561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA				
Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais				
	Incentivos a grupos de investigación de OPIS en base a resultados de transferencia	Importe incentivos: 1.000.000 euros/ano	Euros	1.000.000,00
613B ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR				
Defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia				
	Reforzo da protección e defensa dos consumidores, mellorando os servizos do IGC	Consultas, mediacións e arbitrxes nas r	%	35.000,00
731A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA				
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial				
	Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	Sen indicador		
732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL				
Mellorar os polígonos industriais				
	Mellorar as infraestruturas nos polígonos industriais a través dos concellos	Concellos beneficiados	Nº	15,00
Mellorar a seguridade industrial				
	Mellorar en materia de seguridade industrial a través de particulares e empresas	Beneficiarios	Nº	60,00
Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial				
	Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	Sen indicador		
733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES				
Diversificar as fontes de enerxía aumentando a produción e o consumo de enerxías renovables a partires dos grandes recursos naturais dispoñibles en Galicia tendo en conta o seu potencial e o estado das tecnoloxias alternativas en cada momento				
	Produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables.	MWh eléctricos xerados con renovables/co	Nº	10,00
	Programas de axudas e fomento das enerxías renovables co obxectivo de promover e incentivar economicamente este tipo de enerxías, especialmente en enerxía solar térmica, caldeiras de biomasa e centrais de biogás.	Potencia eléctrica de instalacións bioma	KW	400,00

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificios e construcións, as melloras dos procesos productivos, infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético			
Impulsar a Certificación Enerxética dos Edificios.	Edificios novos e existentes certificado	%	100,00
733B INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS			
Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificios e construcións, as melloras dos procesos productivos, infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético			
Desenvolvemento de novas infraestruturas de transporte e distribución de gas, sendo necesaria a construción e posta en servizo de novos gasodutos.	Incremento km redes de gas de transporte	%	25,00
Mellora da calidade da subministración eléctrica.	Mellora indicadores de calidade eléctrico	%	2,10
734A FOMENTO DA MINARÍA			
Desenvolver a implementación do Plan do carbón 2006-2012			
Datar de infraestruturas a concellos	Proxectos realizados	Nº	15,00
Implementar o Plan estratéxico en materia de seguridade e saúde			
Realizar accións relacionadas coa implementación co Plan estratéxico de seguridade e saúde	Accións	Nº	12,00
741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL			
Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos novedosos e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco			
Convenios, avais, subvencións e préstamos directos de acceso ao financiamento de proxectos emprendedores.	Importe avais e créditos facilitados a e	Euros	5.000.000,00
Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego e incrementar a captación de investimentos foraneos a través dunha política de diversificación xeográfica e sectorial, formación de recursos humanos, cooperación empresarial e de visualización da			
Apoio a cooperación empresarial nos procesos de internacionalización.	Plataformas loxísticas (Obxectivo: 5/ano)	Nº	2,00
Fomento da implementación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación que acrediten o cumprimento de estándares de calidade e da marca Made in Galicia			
Apoio ás empresas e asociacións sen ánimo de lucro para a obtención de certificados de calidade, implantación de modelos de xestión excelente e actuacións de responsabilidade social empresarial.	Certificados de calidade obtidos e model	Nº	140,00
SopORTE xERAL - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas			
SopORTE xERAL - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	Sen indicador		
Impulso ou creación dos novos clústers nos sectores tradicionais da economía galega e aqueles outros que por as súas ventaxas competitivas teñen expectativas de crecemento			
Achegas a asociacións e clúster de interese empresarial.	Entidades beneficiadas	Nº	20,00
Ampliación e impulso do Parque Tecnolóxico de Galicia	Empresas instaladas no Parque Tecnolóx G	Nº	2,00
Creación e ampliación de infraestruturas tecnolóxicas orientadas á innovación empresarial	Actuacións globais: 7	Nº	7,00
Consolidar un centro de homologación do automóbil e impulso do vehículo enerxeticamente eficientes			
Impulso das tecnoloxías e procesos de novos prototipos	Proxectos sobre vehículos eficientes ini	Nº	7,00
741B FOMENTO DO INVESTIMENTO EN CAPITAL HUMANO			
SopORTE xERAL - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas			
SopORTE xERAL - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	Sen indicador		
741F APOIO Á ARTESANÍA			
Dinamizar o sector artesanal			
Crear emprego de calidade e asentamento poboacional	Beneficiarios	Nº	100,00
751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA			
Fomentar a Innovación e a Dinamización do sector comercio			
Modernización e desenvolvemento do comercio galego, incrementando o atractivo comercial e adaptándoo ás necesidades do consumidor.	Aumento nº comercios polo miúdo con vend	%	5,00
SopORTE xERAL - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial			

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<p>Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial</p>	<p>Sen indicador</p>
---	----------------------

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	80	Total
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica		46.857				46.857
561B-Investigación universitaria		48.737				48.737
613B-Ordenación, información e defensa do consumidor					6.652	6.652
731A-Dirección e servizos xerais de Industria	8.269					8.269
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	6.087			3.024		9.112
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables				6.163		6.163
733B-Infraestruturas enerxéticas				9.824		9.824
734A-Fomento da minaría				2.446		2.446
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	65.055	19.584	3.189	11.228		99.056
741B-Fomento do investimento en capital humano	2.583					2.583
741F-Apoio á artesanía			1.659			1.659
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia			20.983			20.983
Total	81.995	115.178	25.831	32.685	6.652	262.341

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	IV	VI	VII	VIII	Total
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	1.661		4.990	2.201	18.004	20.000	46.857
561B-Investigación universitaria			20.223		28.514		48.737
613B-Ordenación, información e defensa do consumidor	4.792	673	268	583	337		6.652
731A-Dirección e servizos xerais de Industria	3.825	1.339	32	3.073			8.269
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	7.320			792	1.000		9.112
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables			2.200	175	3.788		6.163
733B-Infraestruturas enerxéticas					9.824		9.824
734A-Fomento da minaría			50	60	2.336		2.446
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial			7.710	330	91.017		99.056
741B-Fomento do investimento en capital humano			2.583				2.583
741F-Apoio á artesanía			469	70	1.120		1.659
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	986		357	290	18.398	952	20.983
Total	18.583	2.012	38.883	7.573	174.338	20.952	262.341

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.823	9.912	-8,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.361	1.339	-1,6
Cap. IV - Transferencias correntes	10.107	9.136	-9,6
Cap. V - Fondo de continxencia	44	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.864	3.073	64,8
Cap. VII - Transferencias de capital	104.587	58.535	-44,0
Total	128.787	81.995	-36,3

(Miles de Euros)

02 D.X. DE INVEST., DESENVOLV. E INNOV.	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.859	1.661	-10,6
Cap. IV - Transferencias correntes	35.983	25.863	-28,1
Cap. VI - Investimentos reais	6.343	2.201	-65,3
Cap. VII - Transferencias de capital	96.933	65.452	-32,5
Cap. VIII - Activos financeiros	520	20.000	3746,2
Total	141.638	115.178	-18,7

(Miles de Euros)

03 D.X. DE COMERCIO	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.069	986	-7,8
Cap. IV - Transferencias correntes	1.334	1.365	2,3
Cap. VI - Investimentos reais	4.964	360	-92,7
Cap. VII - Transferencias de capital	31.475	22.168	-29,6
Cap. VIII - Activos financeiros	600	952	58,7
Total	39.442	25.831	-34,5

(Miles de Euros)

04 D.X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.385	1.233	-11,0
Cap. IV - Transferencias correntes	3.206	2.250	-29,8
Cap. VI - Investimentos reais	2.884	1.357	-53,0
Cap. VII - Transferencias de capital	40.342	27.846	-31,0
Total	47.817	32.685	-31,6

(Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.760	4.792	0,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	758	673	-11,2
Cap. IV - Transferencias correntes	500	268	-46,4
Cap. VI - Investimentos reais	1.445	583	-59,7
Cap. VII - Transferencias de capital	555	337	-39,3
Total	8.017	6.652	-17,0

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2010	2011	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	128.787	81.995	-36,3
02 D.X. DE INVEST., DESENVOLV. E INNOV.	141.638	115.178	-18,7
03 D.X. DE COMERCIO	39.442	25.831	-34,5
04 D.X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	47.817	32.685	-31,6
80 INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	8.017	6.652	-17,0
Total	365.701	262.341	-28,3

(Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos e Axencia Pública

	Consellería		00.AA ou/e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Cap. I - Gastos de persoal	15.137	13.792	4.760	4.792	0	0	19.896	18.583
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.361	1.339	758	673	0	0	2.119	2.012
Cap. IV - Transferencias correntes	56.132	43.832	500	268	5.502	5.217	51.129	38.883
OPERACIÓNS CORRENTES	72.629	58.963	6.017	5.732	5.502	5.217	73.144	59.478
Cap. V - Fondo de continxencia	44	0	0	0	0	0	44	0
Cap. VI - Investimentos reais	16.056	6.990	1.445	583	0	0	17.501	7.573
Cap. VII - Transferencias de capital	275.337	174.921	555	337	2.000	920	273.892	174.338
Cap. VIII - Activos financeiros	1.120	20.952	0	0	0	0	1.120	20.952
OPERACIÓNS DE CAPITAL	292.557	202.864	2.000	920	2.000	920	292.557	202.864
Total	365.186	261.826	8.017	6.652	7.502	6.137	365.701	262.341

(Miles de Euros)

Medios Persoais

Economía e Industria	2011
Altos Cargos	5
Persoal Funcionario	301
Subgrupo A1	93
Subgrupo A2	64
Subgrupo C1	61
Subgrupo C2	71
Agrupacións profesionais	12
Persoal Laboral	66
Grupo I	23
Grupo II	9
Grupo III	25
Grupo IV	7
Grupo V	2
TOTAL	372

Medios Persoais

Instituto Galego de Consumo	2011
Persoal Funcionario	127
Subgrupo A1	24
Subgrupo A2	22
Subgrupo C1	56
Subgrupo C2	20
Agrupacións profesionais	5
Persoal Laboral	16
Grupo I	6
Grupo III	5
Grupo IV	4
Grupo V	1
TOTAL	143

Sociedades Públicas, Fundacións e Consorcios

	2011	
	Capital	Explotación
Sociedades Mercantís		
Centro Europeo Empresas e Innov. Galicia	50	1.922
Sodiga Galicia, Soc. de Capital Risco	18.598	1.704
Xesgalicia, Soc. Xest .Ent. Capital Risco	50	1.797
Galicia Calidade, S.A.	500	1.653
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	7.750	2.078
S.A. Xestión Centro Supercomput. Galicia	0	78
Entes Públicos		
Inst. Galego de Promoción Económica	263.321	40.831
Inst. Enerxético de Galicia	14.624	27.788
Fundacións		
Fund. Centro Gal. de Artesanía e Deseño	1.007	468
Fund. Centro Supercomputación Galicia	6.866	7.347
Fund. Exposicións e Congresos A Estrada	35	483
Fund. Feiras e Exposicións de Lugo	1.688	929
Fund. Feiras e Exposicións Desenv.Galicia	0	773
Fund. Calidade Indust. e Desenv.Tecnol.	2.097	14.501
Inst. Feiral de A Coruña	97	1.876

(Miles de Euros)